

Letra de “*Rosiña e o Trasnó*” / “*Muiñeiras do Agra*”

Fumos Rosiña e mais eu ao muiño
pra que a fariña non foran roubare...
E a medianoite, por un buratiño
o noso trasno nos veu a tentare....

Rosiña asustada colleuseme a min
e eu a Rosiña tamén me colline...
Despois non me acordo, despois xa non sei,
o susto do corpo por fin llo quitei...

E chora a mociña cando me ve,
de min se arreda e non sei por qué...

E mentres o trasno ri canto quer
o que o muiño nos foi a facer...

A xente murmura, bon creto lle dou
e todos pretenden saber que pasou

E mentres o trasno ri canto quer
o que o muiño nos foi a facer...